Para cada oportunidade de avaliación calcularase a puntuación combinada de laboratorio experimental como a suma das puntuacións LC1 y LC2 da avaliación continua (§1.1) e a puntuación Lx do exame correspondente. Se esta suma resultase superior a 2 (dous puntos) truncarase o seu valor a 2 (dous puntos).

LLx = min {LC1 + LC2 + Lx , 2}

2.1.2. Cualificación global

En cada oportunidade de avaliación obterase a cualificación global como a suma das puntuacións de:

Tx) A parte de preguntas e exercicios do exame correspondente (§1.2.1).

TC) A proba de preguntas e exercicios da avaliación continua (§1.1).

Px) A parte de problemas do exame correspondente (§1.2.1).

LLx) A puntuación combinada de laboratorio experimental correspondente (§2.1.1).

Se esta suma resultase superior a 10 (dez puntos) truncarase o seu valor a 10 (dez puntos).

GLOBAL_x = min {Tx + TC + Px + LLx , 10}

2.2. Opción de AVALIACIÓN ÚNICA

En cada oportunidade de avaliación obterase a cualificación global como a suma das puntuacións obtidas no exame correspondente (§1.2.1).

GLOBAL_x = Tx + Px + Lx

3. CUALIFICACIÓN NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA

A cualificación global obterase como a suma das cualificacións obtidas no Exame de Fin de Carreira (§1.2.2).

GLOBAL_E = TE + PE + LE

4. CÁLCULOS E REDONDEOS:

I) Todos os cálculos indicados para obter as cualificacións realizaranse con unha resolución igual ou mellor que a centésima de punto (0,01 punto).

II) As cualificacións globais redondearanse ao valor múltiplo de 0,1 punto (unha décima de punto) que lles sexa máis cercano; no caso de que os dous múltiplos de 0,1 punto máis próximos sexan equidistantes redondearase ao maior deles.

III) A escala de cualificacións se establece no entendemento de que a cualificación global mínima necesaria para superar a asignatura é 5,0 puntos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

H.D. Young y R.A. Freedman, **Sears-Zemansky. Física Universitaria**, 9, 11, 12 o 13, Addison-Wesley,

H.D. Young y R.A. Freedman, **University Physics**, 9, 11, 12 or 13, Addison-Wesley,

Profesorado presente y pasado de la asignatura., **Guiones de las prácticas de «Física Fundamentos de Mecánica y Termodinámica»**, 2020-2021, 2020

Present and past lecturers of this subject, **Laboratory Notes for**, 2020-2021, 2020

Oficina Internacional de Pesas y Medidas (BIPM), **Sistema Internacional de Unidades SI**, 9, Centro Español de Metrología, 2019

Bureau Internationale des Poids et Mesures (BIPM), **SI Brochure: The International System of Units (SI)**, 9, Bureau Internationale des Poids et Mesures (BIPM), 2019

Bibliografía Complementaria

I.N. Bronshtein, K.A. Semendiaev, **Manual de Matemáticas para Ingenieros y Estudiantes**, (cualquier edición), MIR,

Raymond A. Serway, John W. Jewett, **Física, Tomo 1**, 3, Thomson, 2003

Paul A. Tipler, **Física, Tomo 1**, 5, Reverté, 2005

W. Edward Gettys, et al., **Física Clásica y Moderna**, Mc Graw-Hill, 1991

Douglas C. Giancoli, **Física para universitarios, Tomo 1**, 3, Prentice-Hall, 2002

Marcelo Alonso, Edward J. Finn, **Física**, Addison-Wesley, 1995

Susan M. Lea, John R. Burke, **Física. La naturaleza de las cosas, Tomo 1**, Paraninfo, 2001

Ambler Thompson, Barry N. Taylor, **NIST Special Publication 811, «Guide for the Use of the International System of Units (SI)»**, 2008, Narional Institute of Standards and Technology, 2008

Comité Conjunto para las Guías en Metrología (JCGM), **Vocabulario Internacional de Metrología VIM**, 3, Centro Español de Metrología, 2012

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Electrónica de potencia/V05G300V01625
Fundamentos de enxeñaría acústica/V05G300V01531

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Matemáticas: Álxebra lineal/V05G301V01102
Matemáticas: Cálculo I/V05G301V01101

Outros comentarios

Para seguiren o desenvolvemento da asignatura é convinte o dominio dos coñecementos das asignaturas de Bacharelato:
Matemáticas I
Matemáticas II
Física

Plan de Continxencias

Descrición

* Metodoloxías docentes que se modifican

Prácticas de Laboratorio: Traballo presencial durante cada sesión:
-Realización da experiencia práctica.
Os experimentos (regulares e de avaliación continua) se reformularán para que poidan seren realizados físicamente con elementos domésticos, mediante simulación ou ben se convertirán en experiencias de cátedra e se facilitarán aos estudantes as medidas resultantes.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Empresa: Fundamentos de empresa				
Materia	Empresa: Fundamentos de empresa			
Código	V05G306V01104			
Titulación	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Docencia en inglés			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Fernández Arias, Mª Jesús González Vázquez, Beatriz			
Profesorado	Fernández Arias, Mª Jesús			
Correo-e	jarias@uvigo.es bgonza@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo dar a coñecer a organización, marco institucional e a xestión economica-financeira e de produción da empresa. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias	
Código	
B4	CG4 Capacidade para resolver problemas con iniciativa, para a toma de decisións, a creatividade, e para comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional da actividade do Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación.
B8	CG8 Coñecer e aplicar elementos básicos de economía e de xestión de recursos humanos, organización e planificación de proxectos, así como de lexislación, regulación e normalización nas telecomunicacións.
C5	CE5/FB5 Coñecemento axeitado do concepto de empresa, marco institucional e xurídico da empresa. Organización e xestión de empresas.
D2	CT2 Concibir a Enxeñaría no marco do desenvolvemento sostible.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Propor as solucións de mellora e controlar a posta en marcha.			D2
Establecer as directrices sobre as métricas e indicadores que serán utilizados para permitir á Dirección da empresa a avaliación e o seguimento dos sistemas informáticos	B4 B8	C5	D2
Xestionar os requisitos e os productos de equipo para reducir o tempo de realización dos proxectos, e mellorar a coherencia e a precisión na entorna empresarial.	B8		

Contidos	
Tema	
Tema 1: A EMPRESA	1.1 Concepto de empresa. 1.2 Os obxectivos da empresa 1.3 Formas e clases de empresas. 1.4 A empresa como sistema. 1.5 Empresa e entorno 1.6 O sector Tecnoloxías de Información e Comunicación.
Tema 2: A ESTRUCTURA ECONOMICA-FINANCEIRA	2.1 Estructura económico-financeira da empresa: Activo, Patrimonio neto e pasivo 2.2 Fondo de rotación ou de maniobra 2.3 Ciclo de explotación e Período Medio de Maduración (PMM)
TEMA 3: OS RESULTADOS DA EMPRESA	3.1 Os resultados da empresa 3.2 Rentabilidade 3.3 Solvencia e liquidez

Tema 4: A INVERSION NA EMPRESA	4.1 Concepto de inversión 4.2 Clases de inversions 4.3 Criterios para a avaliación e selección de inversions: estáticos e dinámicos
Tema 5: A FINANCIACION	5.1 Concepto de fonte de financiación 5.2 Tipos de fontes de financiación 5.3. Financiación externa a curto prazo 5.4. Financiación externa a longo prazo 5.5. Financiación interna ou autofinanciación
Tema 6: O SISTEMA DE PRODUCCIÓN I: ASPECTOS XERAIS	6.1 Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. 6.2 Función de producción. 6.3 Clasificación dos procesos productivos. 6.4 A programación económica da producción. 6.5 A productividade: indicadores de productividade.
Tema 7: O SISTEMA DE PRODUCIÓN II	7.1 Os custos de produción. 7.2 Limiar de Rentabilidad. 7.3 Decisión de producir ou comprar. 7.4 Apalancamiento operativo. 7.5 Control de inventarios.
Tema 8: O SISTEMA DE COMERCIALIZACIÓN	8.1 O mercado. 8.2 A competencia. 8.3 O sistema de comercialización. 8.4 Marketing-mix.
Tema 9: O SISTEMA DE ADMINISTRACION	9.1. O sistema de dirección. 9.2. Recursos Humans.
PRÁCTICAS DA MATERIA	Práctica 1: Tipoloxía e natureza da empresa Práctica 2: Entorno TIC Practica 3: Estructura económica-financiera I Práctica 4: Estructura económica-financiera II Práctica 5: Estructura económica-financiera III Práctica 6: Análisis de resultados Práctica 7: Inversión Práctica 8: Decisions de inversión na empresa. Práctica 9: Financiación I Práctica 10: Financiación II Práctica 11: Produtividade Práctica 12: Costes de producción Práctica 13: Producción Practica 14: O plan de empresa

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	56	84
Prácticas con apoio das TIC	24	36	60
Estudo de casos	2	2	4
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. Con esta metodoloxía se traballan as competencias CG8, CE5, CT2.
Prácticas con apoio das TIC	Clases onde os alumnos traballarán de forma individual ou en parella os contidos prácticos da materia.Se realizarán actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas. Nesta metodoloxía se traballan de xeito práctico as competencias CG4 e CE5.
Estudo de casos	Metodoloxía de análise cualitativa na que o alumno traballa nun caso concreto, profundizando, explorando, e matizando diversos contidos da materia. Con esta metodoloxía se traballan as competencias CG8, CE5, CT2.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Lección maxistral	Nas sesions maxistrais o profesor atenderá, orientará e resolverá as dúbidas aos estudantes sobre os contidos abordados nas clases teóricas. Os estudantes tendrán ocasión de acudir a tutorías personalizadas no despacho do profesor no horario que os profesores establecerán a tal efecto no principio do curso e que se publicará na páxina da asignatura. Estas tutorías están destinadas a resolver as dudas e orientar aos estudantes sobre o desenvolvemento dos contidos abordados nas clases teóricas, e nas clases prácticas. Asimesmo, tamén se manterá unha comunicación constante entre os docentes e o alumnado a través da Rede mediante a plataforma de teledocencia.
Estudo de casos	No estudo de caso o profesor atenderá e orientará nas dúbidas que os estudantes podan ter sobre o caso plantexado.
Prácticas con apoio das TIC	Nas sesions prácticas o profesor atenderá e orientará nas dúbidas que os estudantes podan ter sobre os contidos dos exercicios ou problemas plantexados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Probas que se realizarán ao longo do curso, tanto dos contidos das clases de teoría como de prácticas, distribuidas de forma uniforme e programadas para que non interfiran no resto das materias.	40	B4 B8	C5	D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final onde se examina de todos os contidos da materia desenvolvidos nas clases de teoría e de prácticas.	60	B4 B8	C5	D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Seguindo as directrices propias da titulación ofreceranse dous sistemas de avaliación: avaliación continua (con dous opcións) e avaliación única ao final do cuadrimestre. En calquera dos dous sistemas de avaliación, ésta é individual e todas as competencias da materia quedan avaliadas.

1. Avaliación continua

A avaliación continua constará de tres probas: dous probas intermedias desenvolvidas ao longo do curso, e que se completarán cun exame ao final do cuadrimestre. As probas intermedias consistirán en dous exames, con datas que se planificarán na Comisión Académica de Grado e estarán disponibles ao principio do cuadrimestre. As devanditas probas non liberan materia, senon que cada unha delas versará sobre os contidos vistos ata o momento de realización da proba, tanto en clases de teoría coma de prácticas, é por isto que se lle conferirá á derradeira proba un maior peso no cálculo da calificación con respecto a anterior, de forma que a primeira proba pesa un 40%, e a segunda proba un 60%.

Si o alumno ten superado a derradeira proba intermedia, e obtido unha media ponderada con calificación de 5, quedará exento da realización do exame ao final do cuadrimestre. A calificación que obtén o alumno neste caso será a nota media ponderada dos dous puntuables.

Os alumnos que non aproben a materia a través das dúas probas intermedias, terán que completar a avaliación continua realizando un exame ao final do cuadrimestre que consistirá nunha proba que suporá un 60% da nota que se sumará á nota obtida na avaliación continua (40% da media ponderada das probas intermedias).

As pobras non son recuperables é dicir, se un alumno non as realiza no día estipulado o profesor non ten a obriga de repetírllas (a non ser que exista una causa de forza maior). Considerarase que un alumno optou pola avaliación continua cando participa na segunda proba.

2. Alumnos que non optan por avaliación continua

Aos alumnos que non opten pola avaliación continua se lles ofrecerá un procedemento de avaliación única que lles permita acadar a máxima calificación. Este procedemento consistirá nun exame final que inclúa os contidos desenvolvidos nas clases de teoría e de prácticas.

3. Sobre a segunda oportunidade

Para a segunda oportunidade o alumno elixe e comunica por escrito (unha semana antes do exame) se desexa ser reevaluado completamente sobre a máxima nota posible ou se se lle sigue aplicando o procedemento de avaliación continua estipulado na asignatura mantendo a nota obtida nas tarefas previas. Por defecto, ao alumno se lle gardan os resultados das probas realizadas nese curso.

4. Calificación de Non Presentado

Un alumno se considerará non presentado se, como máximo, participou na primeira proba de avaliación continua. En calquera outro caso, o alumno se considerará presentado e recibirá a súa nota correspondente.

5. Sobre a convocatoria extraordinaria de fin de carreira

Consistirá nun exame que sobre os contidos teóricos e prácticos da materia.

Aviso Importante

No caso de detección de copia en calquera das probas, a calificación final será de SUSPENSO (0), e o feito será comunicado á dirección do Centro para os efectos oportunos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Pérez Gorostegui, E., **Curso de introducción a la economía de la empresa**, 2009

Diez-Viel, I., Martin de Castro, G., Montoro Sanchez, M.A., **Introduction to Business Administration**, 2012

Bibliografía Complementaria

Barroso Castro, C. (Coord.), **Economía de la empresa**, 2012

Fernández Sánchez, E. y otros, **Iniciación a los negocios para ingenieros. Aspectos funcionales**, 2008

García Márquez, F., **Dirección y Gestión Empresarial**, 2013

Iborra Juan, M.; Dasi Coscollar, A.; Dolz Dolz, C.; Ferrer Ortega, C.,, **Fundamentos de dirección de empresas. Conceptos y habilidades directivas,**, 2014

Moyano Fuentes, J.; Bruque Cámara, S.; Maqueira Marín, J.M.; Fidalgo Bautista, F.A.; Martínez Jurado, **Administración de empresas: un enfoque teórico-práctico**, 2011

Madura, Jeff, **Introduction to Business**, 2010

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Metodoloxías docentes que se modifican

No caso de que a docencia dos grupos A e B, sexa exclusivamente non presencial, poderase engadir documentación adicional para facilitar o auto-aprendizaxe, así como o emprego das clases virtuais.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
No caso de que as Probas de avaliación pendentes se deban realizar online, a segunda proba intermedia da avaliación continua se dividirá en dúas probas cun peso dun 30% cada unha. Asimesmo, se segue mantendo a posibilidade de superar a materia sen necesidade de completar a avaliación continua co exame do final do cuadrimestre. Para elo, deben superar a terceira proba intermedia de avaliación continua e que a media ponderada das tres probas intermedias sexa como mínimo 5.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Programación I				
Materia	Programación I			
Código	V05G306V01105			
Titulación	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Docencia en inglés			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Inglés			
Departamento	Enxeñaría telemática			
Coordinador/a	Rodríguez Hernández, Pedro Salvador			
Profesorado	Rodríguez Hernández, Pedro Salvador			
Correo-e	pedro.rodriguez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é o desenvolvemento de capacidades de programación nunha linguaxe de alto nivel. O paradigma de programación que se segue é o de programación estruturada. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias	
Código	
B4	CG4 Capacidade para resolver problemas con iniciativa, para a toma de decisións, a creatividade, e para comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional da actividade do Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación.
B9	CG9 Capacidade para traballar nun grupo multidisciplinar e nunha contorna multilingüe e de comunicar, tanto por escrito como de forma oral, coñecementos, procedementos, resultados e ideas relacionadas coas telecomunicacións e a electrónica.
C6	CE6/T1 Capacidade para aprender de xeito autónomo novos coñecementos e técnicas axeitados para a concepción, o desenvolvemento ou a explotación de sistemas e servizos de telecomunicación.
C12	CE12/T7 Coñecemento e utilización dos fundamentos da programación en redes, sistemas e servizos de telecomunicación.
D2	CT2 Concibir a Enxeñaría no marco do desenvolvemento sostible.
D4	CT4 Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Expresar a solución dun problema sinxelo mediante algoritmos, utilizando deseño descendente.		C12	
Identificar os datos necesarios para resolver un problema e asocialos aos tipos correspondentes en función das súas características (tamaño, rango, operadores que actúan sobre eles).		C12	
Codificar algoritmos sinxelos a partir do tres tipos básicos de sentenzas: asignación, selección e iteración.		C12	
Declarar e definir funcións facendo un uso adecuado do paso de parámetros.		C12	
Manexar as operacións de entrada/saída e operar con ficheiros.		C12	
Definir e utilizar tipos de datos estruturados.		C12	
Definir e xestionar estruturas de datos dinámicas (listas, pilas, colas e árbores).		C12	
Crear e utilizar módulos e funcións de biblioteca dentro dun programa.		C6 C12	
Predicir o resultado dunha secuencia de sentenzas básicas, coñecidos os datos de entrada.		C12	
Manexar ferramentas básicas para o desenvolvemento de programas: editor de textos, compilador, enlazador, depurador e ferramentas para a documentación.		C6	
Desenvolver proxectos software de pequena envergadura seguindo todas as fases: análise de requisitos, deseño, construción, avaliación e documentación.	B4 B9	C6 C12	D2 D4

Contidos	
Tema	
Tema 1: O algoritmo e as linguaxes de programación.	1. Estrutura e operación do computador 2. Como se incorpora o programa ao computador 3. A linguaxe de programación C 4. O proceso de desenvolvemento de programas 5. Exemplos sinxelos de programa 6. Conceptos de enxeñaría do software
Tema 2: A gramática e elementos básicos da linguaxe C.	1. Elementos básicos dun programa en C 2. Identificadores 3. Expresións 4. Declaración e inicialización 5. A instrución de asignación 6. Entrada/saída formateada
Tema 3: Instrucións de decisión e de iteración	1. Instrucións de control 2. Instrucións de decisión: (a) A instrución if (b) A instrución if-else (c) A instrución switch 3. Instrucións de iteración: (a) A instrución do-while (b) A instrución while (c) A instrución for 4. Instrucións para alterar o fluxo de control: Instrucións break e continue
Tema 4: Arrays e punteiros	1. Estruturas de datos 2. Arrays: (a) Arrays unidimensionais (b) Arrays bidimensionais 3. Cadeas de caracteres 4. Punteiros: (a) Aritmética de punteiros (b) Arrays e punteiros (c) Punteiros a punteiros
Tema 5: Funcións	1. Declaración e definición de funcións 2. Funcións sen parámetros 3. Comunicación entre funcións: variables locais, globais e estáticas 4. Funcións con parámetros por valor 5. Funcións con parámetros por referencia 6. Argumentos por liña de comandos
Tema 6: Ficheiros	1. Introdución: Tipos de ficheiros 2. Ficheiros de texto en C 3. Declaración 4. Apertura e peche 5. Manexo de ficheiros 6. Operacións sobre caracteres 7. Operacións sobre cadeas 8. Operacións con formato
Tema 7: Variables de tipo estruturado	1. Introdución: Tipos de datos estruturados 2. Estruturas: (a) Declaración (b) Operacións (c) Punteiros e estruturas (d) Estruturas como parámetros
Tema 8: Listas	1. Introdución: a necesidade de estruturas dinámicas de datos 2. Estruturas dinámicas de datos 3. Listas enlazadas (a) Tipos (b) Operacións máis comúns

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	22	22	44
Prácticas de laboratorio	14	14	28
Aprendizaxe baseado en proxectos	8	20	28
Práctica de laboratorio	5	13	18
Exame de preguntas obxectivas	4	20	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Introdución á materia tanto na súa compoñente teórica como práctica.

Lección maxistral	Presentación por parte do profesorado do temario da materia. Estas sesións poderán incluir a realización de traballos e a realización de programas por parte do alumnado. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CE12 e CT2.
Prácticas de laboratorio	Ao longo da primeira parte do cuadrimestre, os/as estudantes codificarán, desenvolverán e documentarán sinxelos programas, guiados polo profesorado. Nalgunhas prácticas poderase pedir a entrega de informes para a súa avaliación. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG4, CE12 e CT2.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Como elemento final da parte práctica, proponse ao alumnado a realización dun pequeno proxecto. Este proxecto realízase nas últimas sesións prácticas do cuadrimestre e poderá incluír actividades individuais e en grupo. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG4, CG9, CE6, CE12, CT2 e CT4.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado da materia proporcionará atención individual e personalizada ao alumnado durante o curso, solucionando as súas dúbidas e preguntas. As dúbidas atenderanse durante a propia sesión maxistral e/ou durante o horario establecido para as titorias. O horario de titorias establecerase ao principio do curso e publicarase na páxina web da materia
Prácticas de laboratorio	O profesorado da materia proporcionará atención individual e personalizada ao alumnado durante o curso, solucionando as súas dúbidas e preguntas. Así mesmo, o profesorado orientará e guiará ao alumnado durante a realización das tarefas que teñen asignadas nas prácticas de laboratorio. As dúbidas atenderanse durante a realización das propias prácticas e/ou durante o horario establecido para as titorias. O horario de titorias establecerase ao principio do curso e publicarase na páxina web da materia.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O profesorado da materia proporcionará atención individual e personalizada ao alumnado durante o curso, solucionando as súas dúbidas e preguntas. Así mesmo, o profesorado asesorará ao alumnado durante a realización das tarefas que deben levar a cabo para o desenvolvemento do proxecto. As dúbidas atenderanse durante as propias sesións de seguimento do traballo, ou durante o horario establecido para as titorias. O horario de titorias establecerase ao principio do curso e publicarase na páxina web da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprendizaxe baseado en proxectos	Desenvolverase un proxecto nas últimas semanas do curso, e entregarase o código C que o implementa. A avaliación do proxecto é individual, e realizarase mediante o exame práctico final.	20	B4 B9	C6 C12	D2 D4
Práctica de laboratorio	Ao longo do curso, realizaranse 3 probas parciais de laboratorio que consistirán na realización de pequenos programas no computador. Estes exames avaliarán, de forma individual, a realización das prácticas.	30	B4	C12	
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do curso, faranse 3 probas parciais de teoría que poden conter: - cuestións de resposta curta - cuestiones tipo test Estes exames avaliarán, de forma individual, o coñecemento dos conceptos introducidos nas sesións maxistrais. O exame teórico final tamén conterá este tipo de cuestións.	40	B4	C12	
Resolución de problemas e/ou exercicios	O exame teórico final terá unha parte que consitirá na resolución de problemas e/ou exercicios	10	B4	C12	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A continuación móstrase a **planificación da materia por temas**, indicando o momento estimado dos **fitos de avaliación máis importantes** (as datas das probas parciais teóricas e prácticas son tentativas: a planificación das diferentes probas de avaliación intermedia aprobarase nunha Comisión Académica de Grao (CAG) e estará dispoñible ao principio do cuadrimestre).

- Semana 1: Introdución de teoría + Tema 1
- Semana 2: Tema 2 | Introdución de práctica
- Semana 3: Tema 3 | Práctica 1
- Semana 4: Tema 3 | Práctica 2
- Semana 5: Tema 4 | Práctica 3
- Semana 6: Tema 4+ **Parcial Teórico 1** (PT1) | **Parcial de Laboratorio 1** (PL1)
- Semana 7: Tema 5 | Práctica 4
- Semana 8: Temas 5 y 6 | Práctica 5
- Semana 9: Tema 7 + **Parcial Teórico 2** (PT2) | **Parcial de Laboratorio 2** (PL2)
- Semana 10: Tema 8 | Práctica 6
- Semana 11: Tema 8 | Práctica 7
- Semana 12: **Parcial Teórico 3** (PT3) | Proxecto (2h) + **Parcial de Laboratorio 3** (PL3)
- Semana 13: Proxecto (2h)
- Semana 14: Proxecto (2h)
- Semana 15: Proxecto (2h)
- Previo ao período de exames, entrega do proxecto.
- Período de exames: **Exame Teórico Final**(ETF) | **Exame Práctico Final**(EPF)

O Exame Teórico Final (ETF) é un exame que pode conter cuestións de resposta curta e/ou tipo test e de resolución de problemas e/ou exercicios. Avalía o coñecemento dos contidos introducidos nas sesións maxistrais.

O Exame Práctico Final (EPF) avalía o proxecto entregado. Aínda que o proxecto desenvólvese en grupo, avalíase de forma individual. De xeito indirecto, o EPF tamén avalía o coñecemento dos contidos introducidos nas sesións maxistrais e nas prácticas de laboratorio.

Seguindo as directrices propias da titulación, ofrécese ao alumnado que curse esta materia dous sistemas de avaliación: **avaliación continua** e **avaliación única**.

A inscrición para realizar as segundas probas parciais, Parcial Teórico 2 (PT2) e/ou Parcial de Laboratorio 2 (PL2) interpretarase como a decisión de optar pola avaliación continua. A non inscrición nas segundas probas parciais, interpretarase como a decisión de optar pola avaliación única.

AVALIACIÓN CONTINUA

Para aprobar a materia seguindo o sistema de avaliación continua, é necesario obter unha nota final (NFC) igual ou superior a 5.

A nota final por avaliación continua calcularase como a media xeométrica ponderada da nota das probas parciais e finais. Virá dada pola seguinte expresión:

NFC = NPP^0.6 * ETF^0.2 * EPF^0.2

Onde:

- NPP é a Nota das Probas Parciais, calculada como a media aritmética ponderada de todas as probas parciais, segundo á seguinte expresión:

NPP = (NP1 + 2*NP2 + 3*NP3) / 6

Onde NPi é a nota da proba parcial i-ésima, calculada como a media da proba teórica e a de laboratorio:

NPi = (PTi + PLi) / 2

- ETF é a nota obtida no Exame Teórico Final

- EPF é a nota obtida no Exame Práctico Final

Nótese que a aplicación da media xeométrica implica que non é posible aprobar a materia se algunha das notas (NPP, ETF ou EPF) é cero.

A avaliación continua consta das probas que se detallan nesta guía e non son recuperables, é dicir, se un/ha alumno/a non pode cumprilas no prazo estipulado, o profesorado non ten a obrigación de repetirllas.

Antes da realización de cada exame indicarase a data e procedemento de revisión das cualificacións obtidas. O alumnado terá opción a coñecer a cualificación de cada exame e revisar a corrección nun prazo aproximado de 2 semanas.

AVALIACIÓN ÚNICA

Para aprobar a materia no sistema de avaliación única, será necesario obter unha nota final (NFU) igual ou superior a 5.

Esta modalidade consistirá nos mesmos exames finais da avaliación continua (aínda que con distinto peso), é dicir un exame con cuestións de resposta curta e/ou tipo test e de resolución de problemas e/ou exercicios (Exame Teórico Final, ETF) e un exame práctico que avaliará o proxecto (Exame Práctico Final, EPF). A nota final por avaliación única (que se calculará como a media xeométrica ponderada de a nota teórica e a nota práctica) virá dada pola seguinte expresión:

NFU = ETF^0.5 * EPF^0.5

A todo o alumnado que concorra ao exame final da materia, calcularánselle ambas notas: a nota final por avaliación continua (NFC) e a nota final por avaliación única (NFU). A nota final que se lle outorgará será a maior de ambas.

A cualificación será de "Non Presentado" se o/o alumno/a non concorre a ningunha proba despois das primeiras probas Parciais (PT1 e PL1).

AVALIACIÓN EN SEGUNDA OPORTUNIDADE

Seguindo as directrices propias da titulación, o alumnado que non aprobe a materia na primeira oportunidade dispoñerá dunha segunda oportunidade.

Na avaliación en segunda oportunidade, para aprobar a materia, será necesario obter unha nota final (NFS) igual ou superior a 5.

Nesta segunda oportunidade, realizarase un exame con cuestións de resposta curta e/ou tipo test e de resolución de problemas e/ou exercicios (Exame Teórico en Segunda Oportunidade, ETS) e un exame práctico que avaliará o proxecto (Exame Práctico en Segunda Oportunidade, EPS). A nota final por avaliación en segunda oportunidade (que se calculará como a media xeométrica ponderada de a nota teórica e a nota práctica) virá dada pola seguinte expresión:

NFS = NTS^0.5 * NPS^0.5

Onde:

- NTS é a Nota Teórica por Avaliación en segunda oportunidade: se o/o alumno/a preséntase ao exame Teórico en Segunda Oportunidade, NTS será a nota obtida no devandito exame:

NTS = PTS

Se non, NTS será a nota teórica obtida na avaliación en primeira oportunidade:

NTS = PPT^0.6 * ETF^0.4

Onde PPT é a media aritmética ponderada das probas parciais teóricas:

PPT = (PT1 + 2 * PT2 + 3 * PT3) / 6

- NPS é a Nota Práctica por Avaliación en segunda oportunidade: se o/a alumno/a preséntase ao Exame Práctico en Segunda Oportunidade, NPS será a nota obtida no devandito exame:

NPS = PPS

Se non, NPS será a nota práctica obtida na avaliación en primeira oportunidade:

NPS = PPL^0.6 * EPF^0.4

Onde PPL é a media aritmética ponderada das probas parciais de laboratorio:

PPL = (PL1 + 2 * PL2 + 3 * PL3) / 6:

FIN DE CARREIRA

Seguindo as directrices propias da titulación, o alumnado ao que lle resten 3 ou menos materias para obter a graduación dispoñerá dunha convocatoria extraordinaria nas devanditas materias.

Na convocatoria extraordinaria de fin de carreira, para aprobar a materia, será necesario obter unha nota final (NFG) igual ou superior a 5.

Nesta convocatoria extraordinaria, realizarase un exame con cuestións de resposta curta e/ou tipo test e de resolución de problemas e/ou exercicios (Exame Teórico de Fin de Carreira, ETG) e unha proba práctica que avaliará o proxecto (Exame Práctico de Fin de Carreira, EPG). A nota final por avaliación na convocatoria extraordinaria de fin de carreira (que se calculará como a media xeométrica ponderada de a nota teórica e a nota práctica) virá dada pola seguinte expresión:

NFG = ETG^0.5 * EPG^0.5

A cualificación obtida en calquera das tarefas avaliables será válida tan só para o curso académico no que se realicen, é dicir, non se garda ningunha nota dun curso para o seguinte.

En caso de detección de plaxio nalgún dos traballos/probas realizadas a cualificación será de suspenso (0) e o profesorado comunicará á dirección da Escola o feito para que tome as medidas que considere oportunas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Brian W. Kernighan, Dennis M. Ritchie, **The C Programming Language**, 1995, Prentice Hall, 1983

Brian W. Kernighan, Dennis M. Ritchie, **El Lenguaje de Programación C**, 1995, Prentice Hall, 1983

Manuel Caeiro Rodríguez, Enrique Costa Montenegro, Ubaldo García Palomares, Cristina López Bravo, J, **Practicar Programación en C**, 2014,

Bibliografía Complementaria

Ignacio Alvarado Aldea, Jose María Maestre Torreblanca, Carlos Vivas Venegas, Ascensión Zafra Cabeza, **100 Problemas Resueltos de Programación en Lenguaje C para Ingeniería**, 2017, Paraninfo, 2017

Learn C Programming, https://www.tutorialspoint.com/cprogramming/, 2019,

Learn C Programming, https://www.programiz.com/c-programming, 2019,

Stephen G. Kochan, **Programming in C**, 2014, 2005

Osvaldo Cairo Battistuti, **Fundamentos de Programación**, 2006,

José Rafael García-Bermejo Giner, **Programación Estructurada en C**, 2008,

James L. Antonakos, Kenneth C. Mansfield Jr., **Programación Estructurada en C**, 2004, 1997

Jorge A. Villalobos S., Rubby Casallas G., **Fundamentos de Programación: Aprendizaje Activo Basado en Casos**, 2006,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Informática: Arquitectura de ordenadores/V05G301V01109
Programación II/V05G301V01110

Outros comentarios

A materia Programación II é unha continuación desta materia no segundo cuadrimestre do primeiro curso.

Plan de Continxencias

Descrición

No caso de que a docencia deba levar a caso de maneira totalmente remota, utilizaranse as mesmas metodoloxías e realizaranse as mesmas probas que se desenvolverían de maneira presencial nas aulas e/ou nos laboratorios da Escola.

A única modificación prevista é que pasarán a desenvolverse en liña a través do Campus Remoto e Faitic.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Matemáticas: Cálculo II				
Materia	Matemáticas: Cálculo II			
Código	V05G306V01106			
Titulación	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Docencia en inglés			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Matemática aplicada II			
Coordinador/a	Martínez Varela, Áurea María			
Profesorado	Prieto Gómez, Cristina Magdalena			
Correo-e	avarela@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Na materia de Cálculo II do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación proporciónase formación básica e común á rama da telecomunicación. Tal e como consta na memoria do grao ao finalizar o cuadrimestre, o alumno deberá ser capaz de formular, resolver e interpretar matematicamente problemas propios da enxeñaría de telecomunicación. Para iso, ao superar a materia, deberá saber calcular integrais de funcións dunha e de varias variables, coñecer o seu significado e dominar con soltura os métodos numéricos básicos de aproximación de integrais. Doutra banda, ten que familiarizarse cos desenvolvementos de funcións en series de Fourier. Ademáis, deberá saber resolver ecuacións diferenciais de primeira e segunda orde. Finalmente, deberá saber manexar a transformada de Laplace como ferramenta para a resolución de ecuacións diferenciais. Todos estes contidos son relevantes para varias materias que debe cursar simultaneamente ou posteriormente na titulación.			

Competencias	
Código	
B3	CG3 Coñecemento de materias básicas e tecnoloxías que capaciten o alumnado para a aprendizaxe de novos métodos e tecnoloxías, así como para dotalo dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.
B4	CG4 Capacidade para resolver problemas con iniciativa, para a toma de decisións, a creatividade, e para comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional da actividade do Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación.
C1	CE1/FB1 Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan exporse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álxebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización.
D2	CT2 Concibir a Enxeñaría no marco do desenvolvemento sostible.
D3	CT3 Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, amosando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinión discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto os dereitos fundamentais, acesibilidade, etc.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Manexo da transformación de Laplace como ferramenta de análise dos sistemas lineais.	B3 B4	C1	D2 D3
Coñecemento das bases teóricas necesarias para a análise de Fourier.	B3 B4	C1	D2 D3
Manexo das técnicas máis elementais de integración de ecuacións diferenciais ordinarias.	B3 B4	C1	D2 D3
Comprensión dos fundamentos básicos da teoría da integración de funcións dunha e varias variables.	B3 B4	C1	D2 D3

Contidos	
Tema	
Tema 1. Cálculo integral en R.	A integral de Riemann: funcións integrables. Teoremas fundamentais do cálculo integral. Cálculo de primitivas: integración por partes e cambio de variable. Integrais impropias.

Tema 2. Métodos numéricos para a aproximación de integrais.	Fórmulas de cuadratura de tipo interpolatorio polinómico. Propiedades. Erro de interpolación. Casos particulares: Poncelet, Trapecio e Simpson. Fórmulas de cuadratura composta.
Tema 3. Series e transformada de Fourier.	Funcións ortogonais. Series de Fourier. Desenvolvementos de series de Fourier de funcións pares e impares. Converxencia. A transformada de Fourier.
